



PLAN ESTRATÉXICO
E.U. RELACIÓNS LABORAIS LUGO
(ADSCRITA Á USC)

Presentación da Directora da E.U. de Relacións Laborais de Lugo

A Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) é un centro universitario dependente da Fundación Campus Universitario de Lugo, adscrito, a efectos académicos, á Universidade de Santiago de Compostela.

Este Centro estivo, dende a súa creación en 1995, en continua evolución para adaptarse á realidade social e ao novo sistema educativo no ámbito universitario, impartindo, nas súas instalacións, a Diplomatura en Relacións Laborais e, a partir do ano 2009 convértese no Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, co único obxectivo de preparar profesionais de calidade que saiban asesorar ás empresas no complicado mundo dos recursos humanos e as relacións laborais.

A aparición do novo sistema educativo e as novas titulacións do Grao, supuxo, para os membros que conforman a Escola, afrontar novos retos dende unha perspectiva aberta á evolución e ó contexto de renovación dos modelos de ensino. A nova normativa aplicable á titulación, representa un esforzo adicional que obriga a trazar unhas pautas de traballo e reflexión, a través das cales conseguir unha mellora na Organización do Centro e os seus métodos de ensino.

En resposta a tal necesidade, preséntase o Plan estratéxico da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo que, enmarcado dentro dos fins perseguidos polo Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela, sirva como instrumento para definir o futuro cara ó que debe encamiñarse a Escola fixando unha serie de liñas de actuación polas que o Centro deberá rexerse nos cinco próximos anos.

LIMIAR

O Plan Estratéxico da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC), lonxe de ser un plan pechado e estático, pretende ser un plan aberto e dinámico ao que poderán incorporarse os cambios necesarios, a medida que as circunstancias nas que se desenvolve o Centro o requíran.

Para a súa elaboración tívose en conta as propostas de acción recollidas no Plan Estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela, pero evidenciando as peculiares características da Escola ao ser un Centro Adscrito.

O proceso de desenvolvemento do Plan Estratéxico da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo axústase ás directrices marcadas pola Universidade de Santiago de Compostela no seu Plan Estratéxico (2011-2020), baseado nos seguintes principios:

1. Planificación do Ensino e orientación do ensino ou aprendizaxe.
2. Desenvolvemento do Ensino e outras actuacións orientadas aos estudantes.
3. Persoal Académico e de apoio á docencia.
4. Recursos Materiais e Servizos.
5. Resultados da formación.

Cada principio da lugar a uns obxectivos estratéxicos sobre os que reflexionar e analizar para dar paso, a continuación, a marcar as accións e tarefas coas que acometer o cumprimento dos obxectivos marcados pola Universidade de Santiago de Compostela.

MISIÓN

A Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo (adscrita á USC) ao longo do seus vinte e oito anos de existencia, xogou e xoga un papel fundamental na sociedade lucense axudando á implantación, coa formación dada ós seus alumnos, dos novos modelos de organización empresarial baseados nunha nova concepción dos recursos humanos mediante a organización do ensino conducente á obtención do título de Graduado en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Ademáis intenta apoiar a inserción laboral do seu alumnado mediante a organización de actividades culturais e complementarias á súa formación.

VISIÓN

Este Centro quere ser recoñecido, no contexto universitario e social porque desenvolve os programas formativos de acordo coa lexislación vixente e coa Misión do Centro antes definida.

Por iso, ten como ideal contribuír á formación de expertos no ámbito do traballo e das súas relacións, entendidas estas nun sentido amplo (regulación legal das relacións traballador-empresario, organización do traballo, dirección e xestión de persoas e grupos nas organizacións...

Para a consecución destes obxectivos, decidiu acometer unha política de actuación baseada nos seguintes principios:

1. O ofrecemento dunha formación xeneralista do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos dando resposta á demanda da sociedade mediante un plan de estudos aberto, flexible e dinámico.
2. O incremento da docencia práctica mediante a firma de convenios con empresas.
3. O desenvolvemento da formación a través da implantación de cursos complementarios.

VALORES

Para o cumprimento dos seus fins, a Escola exercita a súa actividade desenvolvendo accións que van en beneficio do fomento da correcta utilización das ideas e normas morais que rexen a conduta humana, baixo a premisa duns valores tanto éticos como profesionais baseados no respecto aos dereitos fundamentais e dignidade da persoa, responsabilidade, honestidade, competencia, eficacia, espírito de sacrificio, sentido da xustiza, equidade.

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

1. PLANIFICACIÓN DA ENSINANZA E ORIENTACIÓN DA ENSINANZA OU APRENDIZAXE

Procesos do SGIC relacionados:

PERRLLPC-03: PLANIFICACIÓN ACADÉMICA ANUAL (PAA)

PERRLLPCS01-PC-03: ELABORACIÓN DO PLAN DOCENTE ANUAL (PDA) DO CENTRO

PERRLL-S02-PC-03: ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN DE ORGANIZACIÓN DOCENTE (POD) DOS

PERRLL-S03-PC-03: PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS

PERRLL-S04-PC-03: ELABORACIÓN DE HORARIOS E CALENDARIOS DE EXAMES

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1.1. Cumprimento do calendario da PAA.
- 1.2. Adecuación da capacidade docente das áreas ou encargo docente.
- 1.3. Axuste da PAA do centro ás Memorias de Verificación dos títulos impartidos.
- 1.4. Procura da conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral.
- 1.5. Traballo coordinado das competencias establecidas nas Memorias de Verificación dos títulos.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1

ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.2

- A. Planificar con antelación as distintas actividades de programación do Centro.
- B. Cumprir cos prazos marcados no calendario de planificación académica anual elaborado pola Vicerreitoría de Planificación Académica.
- C. Manter un contacto fluído co SXOPRA.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2

ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.2

Identificar necesidades docentes.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.3

ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.3

- A. Identificar desaxustes.
- B. Promover accións correctoras.
- C. Manter actualizado o Plan de Seguimento do Título.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.4

ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.4

Propor calendarios e horarios que favorezan a conciliación.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.5

ACCIÓN ESTRATÉXICA 1.5

- A. Identificar as competencias establecidas nos módulos dos planos de estudo.
- B. Distribuir as competencias entre as materias pertencentes a cada módulo.

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

2. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA E OUTRAS ACTUACIÓNS ORIENTADAS AOS ESTUDANTES

Procesos do SGIC relacionados:

PerrII-PC-04: CAPTACIÓN DE ESTUDANTES

PerrII-PC-06: TITORÍA E ORIENTACIÓN DO ESTUDANTE

PerrII-PC-07: PROGRAMAS DE MOVILIDADE DE ESTUDANTES

PerrII-PC-08: XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

PerrII-PC-09: COORDINACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

PerrII-PC-10: AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2

- 2.1. Orientación ao alumnado antes, ao inicio, durante e ao final do título.
- 2.2. Medidas de atención á diversidade e necesidades especiais.
- 2.3. Oferta de actividades para consecución de competencias transversais.
- 2.4. Mantemento e mellora da calidade da oferta de programas de mobilidade.
- 2.5. Supervisión das prácticas externas.
- 2.6. Mellora da coordinación entre materias.
- 2.7. Axuste á normativa vixente sobre avaliación do rendemento académico.
- 2.8. Incorporación das TIC á docencia.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Colaborar co programa A Ponte e demais medidas de captación desenvolvidas pola USC.
- B. Organizar o acto de recepción dos estudantes de 1º curso.
- C. Celebrar charlas de orientación: itinerarios curriculares e optatividade.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Detectar as deficiencias existentes para accesibilidade das persoas con necesidades especiais a todos os recursos e servizos do centro.
- B. Desenvolver as axudas técnicas precisas para a eliminación das barreiras de accesibilidade detectadas.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

Concertar cursos, xornadas e conferencias relacionados con competencias transversais.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Mellorar a información que se ofrece sobre programas de intercambio na páxina web da Escola.
- B. Favorecer o incremento do número de alumnos visitantes nos programas de intercambio.
- C. Axilizar o proceso de validación e recoñecemento dos estudos realizados noutros centros durante unha estancia de intercambio.
- D. Orientación/titoría do alumnado enviado e recibido para intercambio antes, durante e ao finalizar a estancia.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar reunións semestrais de coordinación de titores académicos das Prácticas Externas.
- B. Seguimento das prácticas externas realizadas polo alumnado.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.6

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Realizar reunións periódicas de coordinación entre o alumnado e o coordinador de cada un dos cursos do Grao.
- B. Realizar reunións semestrais de coordinación dos profesores que imparten docencia en cada uns dos cursos do Grao.
- C. Realizar reunións periódicas dos coordinadores de cursos e o coordinador da titulación.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.7

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Supervisión dos programas/guías das materias.
- B. Homoxeneizar o sistema de avaliación entre grupos dunha mesma materia.
- C. Mellorar o nivel de especificación dos criterios e maila ponderación dos diferentes elementos de avaliación do programa/guía docente.
- D. Avaliar a satisfacción dos estudantes co proceso de avaliación.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS 2.8

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Promover o uso das ferramentas do Campus Virtual.
- B. Favorecer a participación do profesorado en actividades formativas relacionadas co uso das TIC.

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

3. PERSOAL ACADÉMICO E DE APOIO Á DOCENCIA

Procesos do SGIC relacionados:

PerrII-PS-01 XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

PerrII-P01-PS-01: AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 3.1. Dotación dun cadro de PDI equilibrado, suficiente e adecuado para a Escola.
- 3.2. Traballo coordinado e cohesionado das persoas que desenvolven a súa actividade profesional na Escola.
- 3.3 Formación continuada do persoal da Escola.
- 3.4. Fomento da innovación docente.
- 3.5. Mantemento do Plan de Autoprotección.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Demandar a definición das necesidades estruturais de PDI para unha atención adecuada das actividades docentes e investigadoras, tendo como referencia a Memoria de Verificación dou Título.

B. Contribuír, en coordinación cos profesores, á definición do dito cadro de necesidades estruturais e á programación das accións para a súa dotación e estabilización, priorizando os ámbitos con maior desaxuste entre o cadro inicial e o de referencia.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

Crear unha Unidade de Xestión para a Escola, tendo como referencia as necesidades detectadas, neste sentido, nas análises de postos no propio Centro.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

Facilitar, a coordinación entre o persoal dos servizos administrativos da Escola para que poidan organizar conxuntamente o seu traballo e cooperar no seu desenvolvemento.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Solicitar o recoñecemento para o PDI dos programas de Formación e Innovación Docente da Universidade.

B. Solicitar o recoñecemento e fomentar a asistencia do PAS do Centro ás actividades e cursos do Plan de Formación de PAS da Universidade.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

Organización de actividades de formación do profesorado que atendan ás demandas e necesidades do PDI do Centro.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.6

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- | |
|---|
| A. Concertar cursos de formación sobre actuación en situación de emerxencia e primeiros auxilios.
B. Actualizar os equipos de emerxencia.
C. Realizar anualmente o simulacro de emerxencia. |
|---|

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

4. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Procesos do SGIC relacionados:

PerrII-PS-02 XESTIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS

PerrII-PS-03 XESTIÓN DOS SERVIZOS

PerrII-PS-04 CONTROL DE DOCUMENTOS E DOS REXISTROS

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 4.1. Mantemento e reparación de instalacións e mobiliario.
- 4.2. Adaptación de espazos docentes e de traballo aos requisitos do EEES.
- 4.3. Dotación e mantemento de equipamento e materiais docentes.
- 4.4. Mantemento da Avaliación de Riscos.
- 4.5 Supervisión da satisfacción dos usuarios respecto dos servizos prestados no centro.
- 4.6. Elaboración e mantemento do rexistro de documentos do SGIC.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades.
- B. Realizar previsións orzamentarias e solicitar subvencións.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades.
- B. Realizar previsións orzamentarias e solicitar subvencións.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades.
- B. Realizar previsións orzamentarias e solicitar subvencións.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Identificar necesidades.
- B. Realizar previsións orzamentarias e solicitar subvencións.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Elaborar cuestionario de avaliación.
- B. Aplicar as enquisas.
- C. Detectar debilidades e fortalezas.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.6

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Reunir documentos de evidencias e indicadores dos procesos do SGIC.
- B. Elaborar unha listaxe dos documentos, organizado por procesos.
- C. Propoñer novas evidencias e indicadores.

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

5 . RESULTADOS DA FORMACIÓN

Procesos do SGIC relacionados:

Psic-PE-01: PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DO CENTRO

Psic-PE-02: POLÍTICA E OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO

Psic-PM-01: MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA

Psic-PM-02: REVISIÓN DA EFICACIA E MELLORA DO TÍTULO

Psic-PM-03: MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE

Psic-P01-PM-03: MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN DOS ESTUDANTES COA
DOCENCIA

Psic-PM-04: XESTIÓN DAS INCIDENCIAS (SQR)

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 5.1. Desenvolvemento do plan de estudo impartido no Centro conforme á respectiva Memoria de Verificación.
- 5.2. Actualización dos programas formativos para atender as necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- 5.3. Información sobre a actividade docente do profesorado.
- 5.4. Sistematización do rexistro e xestión de suxestións, queixas e reclamacións
- 5.5. Acreditación do título impartido non Centro.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Secuenciar e programar a recollida de datos relativos aos indicadores mínimos e aos demais indicadores do SGIC.
- B. Propor accións de mellora e a súa incorporación á Planificación Plurianual.
- C. Analizar o funcionamento global do Centro e do SGIC.
- D. Elaborar a Memoria de Calidade do Centro.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Revisar semestralmente os resultados académicos das materias do Grao para detectar posibles melloras do SGIC.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Colaborar cos servizos centrais da Universidade na aplicación dos instrumentos de avaliación da actividade docente do profesorado.
- B. Analizar os resultados dos instrumentos de avaliación nos órganos competentes
- C. Difundir, a través da web da Escola, os resultados da avaliación da actividade docente (nos termos en que sexa permitido pola normativa vixente).

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.4

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Recoller suxestións a través dunha caixa de correos (virtual e/ou física).
- B. Diseñar un formulario de notificación de incidencias e queixas.
- C. Manter un rexistro de suxestións, queixas e reclamacións.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.5

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Cumprimentar en tempo e forma os procedementos de Seguimento e Mellora dos Títulos.
- B. Colaborar coa Comisión de expertos encargada da avaliación externa dos títulos.

IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS E ACCIÓNS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

6. INFORMACIÓN PÚBLICA

Procesos do SGIC relacionados:
Psic-PC-11: INFORMACIÓN PÚBLICA

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- | |
|---|
| 6.1. Mantemento do acceso público á información relevante dos títulos impartidos no centro.
6.2. Mantemento da guía da Escola. |
|---|

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- | |
|---|
| A. Elaborar unha relación de coleccións de datos sobre os títulos impartidos no centro.
B. Recompilar os datos.
C. Determinar a vía de difusión dos datos.
D. Poñer os datos a disposición dos grupos de interese.
E. Actualizar anualmente os datos. |
|---|

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- | |
|--|
| A. Revisar periodicamente os contidos da guía da Escola.
B. Facilitar o acceso á guía a través da páxina web da Escola. |
|--|